

SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

INFORME DE REVISIÓN INTERNA

CONVOCATORIA: 2013/14

Grao/ Máster Universitario:

**Graduado ou Graduada en Enxeñaría
Forestal**

INFORME DE REVISIÓN DO SEGUIMENTO DO TÍTULO

INFORME DE REVISIÓN INTERNA DO SEGUIMIENTO DE TITULACIÓNS

PROVISIONAL

FINAL


DATA: 28 de xullo de 2015

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Graduado ou graduada en Enxeñaría Forestal
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Escola de Enxeñaría Forestal
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMENTO	<input type="checkbox"/> CONFORME - EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME <input type="checkbox"/> NON CONFORME
XUSTIFICACIÓN DO RESULTADO	
<p>O resultado do proceso de seguimento do título GRADUADO OU GRADUADA EN EXEÑARÍA FORESTAL é CONFORME cos propósitos incluídos no documento de ACSUG “Guía de Seguimento de Títulos Oficiais de Grao e Master (2014)”, establecidos de acordo coas recomendacións da REACU e de CURSA, e os criterios establecidos na “Guía de Avaliación interna de Seguimento das titulacións” elaborada pola Área de Apoio a Docencia e Calidade da Universidade de Vigo.</p> <p>- Información pública:</p> <p>En xeral, na Web do título, a información está completa e dispoñible de forma clara e accesible.</p> <p>- Valoración do cumprimento do proxecto:</p> <p>En xeral, a reflexión aportada no autoinforme de seguimento, para valorar o cumprimento do proxecto establecido, proporciona información suficiente da implantación do título. Non obstante debe continuarse na liña de elaborar un informe menos descritivo, mais valorativo e focalizado no curso que se está a avaliar, especialmente na valoración da “Adquisición de competencias” e da “Planificación e desenvolvemento das ensinanzas”.</p> <p>Sería de gran axuda que as táboas finais con datos sobre indicadores inclúsen a información dos anos anteriores para poder observar a evolución do título con maior facilidade.</p> <p>- Accións levadas a cabo ante as recomendacións:</p> <p>En xeral, foron atendidas e resoltas as recomendacións sinaladas no último informe final emitido por ACSUG. Non obstante, recoméndase continuar co desenvolvemento de algunha delas, tal e como se indica na sección 3 deste documento.</p> <p>Sería de gran axuda que a táboa final na que se recollen as accións levadas a cabo ante recomendacións, inclúise o estado de todas as recomendacións recibidas nos distintos informes (verificación, informes de seguimento de ACSUG, e informes de avaliación interna), e non só das recomendacións do último informe recibido.</p>	

Nota:

Os indicadores de acceso do SIIU, non coinciden cos indicadores de acceso proporcionados polo SID da Universidade de Vigo. Por exemplo, mentres que o indicador IND III.2 “Matricula de novo ingreso por preinscrición” toma o valor 40, os datos proporcionados polo SID da Universidade de Vigo indican que o número de matriculados de novo ingreso é de 57 (excluindo ao alumando matriculado no curso ponte). A diferenza (17 alumnos) coincide co número de alumnos que acceden dende Formación Profesional. Non obstante, estes alumnos deberían ser tamén considerados nos indicadores do SIIU, xa que unha vez dentro do sistema universitario, non hai diferenza entre eles. Entendemos que a solución non corresponde a titulación que se está avaliando, pero sería desexable dispoñer de indicadores claros, nos que non se excluise a ningún alumno

Vigo, a 28 de xullo de 2015



Xosé María Gómez Clemente

Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

1. Información pública

Resultado:

Conforme

A

B

Non Conforme

C

D

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

Fortalezas:

- Publicación de información sobre o grao específica para Empresas Estranxeiras co fin de favorecer a ofertar “prácticas en empresa” no estranxeiro.
- Vídeo promocional con apartados específicos sobre as saídas profesionais.
- Información moi completa sobre o Suplemento Europeo ao Título (SET).

Non conformidades:

-

Recomendacións para a mellora :

- Actualizar o enlace ao apartado “Información de Interese”, no momento de elaboración deste informe conducía a unha “páxina non encontrada”.
- Actualizar o enlace a “Cronograma do calendario académico 2014-2015”. No momento de elaboración deste informe estaba roto.
- Incluir un enlace á información contida no IT02-PC04, no apartado “Sobre a Escola/Información da titulación”, que completaría a información sobre perfiles de acceso e recoñecemento de créditos, non só para os alumnos que se adaptan dende as titulacións LRU, se non tamén para os alumnos que acceden dende Ciclos de Formación Profesional.
- Ampliar a información dos horarios con información sobre o lugar no que se imparten as distintas materias. E de ser o caso, asignación de grupos de prácticas.
- Actualizar a información que se publica na web do título sobre o SGIC, e outros informes que aparecen no apartado de “Calidade” (por exemplo, o seguimento do plan de accións de mellora

corresponde ao curso 2011/12).

- Modificar a redacción das competencias nas guías docentes, de xeito que aparezan frases completas. Por exemplo, en lugar de “fundamentos biolóxicos” → “Capacidade para comprender os fundamentos biolóxicos necesarios para o desenvolvemento da actividade profesional”.
- Os apartados “Horarios docentes, Calendario de exames e titorías” no están actualizados nas guías docentes, se ben si poden ser consultados noutros apartados da web do título. Recoméndase actualizalos ou eliminalos.
- Incorporar ás guías docentes das materias que aínda non o fan información sobre segunda oportunidade de avaliación.
- Incorporar en todas as guías docentes o idioma no que se imparte a materia.
- Revisar a correspondencia entre o idioma no que se redacta a guía docente e o idioma no que se publica.
- Incluír a información sobre o TFG no apartado “Docencia/Grao/Materias/4º Curso”, ademais de no apartado “Destacados”.
- Ampliar a información sobre as prácticas en empresa concretas que se ofertan cada curso académico.
- Actualizar a información sobre o curso de adaptación accesible dende o apartado “Información Pública do grao en Enxeñaría Forestal” xa que fai referencia ao curso 2012/13. Recoméndase enlazar coa información que aparece no apartado “Destacados/Adaptación ao grao” que si está actualizada.
- Incluír á persoa coordinadora de calidade no apartado dedicado ao equipo de goberno.
- Tendo en conta que o sentido último da información pública é o emprego da mesma polos usuarios, sería desexable obter algún tipo de realimentación sobre a opinión que os usuarios teñen desa información. Proponse someter a información dispoñible á valoración sistemática de diversos grupos de usuarios (alumnos, PDI, PAS, etc.). Os datos obtidos poderían ser de gran utilidade para coñecer a valoración dos distintos usuarios e para decidir como estruturar a información en función dos distintos grupos de interese.

INFORMACIÓN PÚBLICA: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL E TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
<p>Número mínimo de créditos ECTS de matrícula</p> <p>Esta información xa se recolle no apartado Información pública do Grao:</p> <p>http://forestales.uvigo.es/es/content/1-descripci%C3%B3n-del-t%C3%ADtulo</p>	<p>Admitida:</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: A información está disponible.</p>
<p>Guías docentes</p> <p>Este curso académico levouse a cabo unha labor de revisión das guías docentes e a información recollida nas mesmas no só confrontándoa coa información contida na memoria de verificación senón tamén detectando incoherencias, información desactualizada, baleiros ou erros diversos. Prestouse unha especial atención ás competencias.</p>	<p>Admitida:</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: A configuración da plataforma DOCNET nese curso non facilitaba unha correcta asignación de competencias.</p>

2. Valoración do cumprimento do proxecto establecido

Resultado:

- | | |
|---|--|
| <input checked="" type="checkbox"/> Conforme | <input type="checkbox"/> Non Conforme |
| <input type="checkbox"/> A | <input type="checkbox"/> C |
| <input checked="" type="checkbox"/> B | <input type="checkbox"/> D |

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

Fortalezas

Criterio asociado	Xustificación
Xustificación	– Contacto permanente con empresas e institucións de especial relevancia no sector (firma e renovación de convenios de cooperación)
Acceso e admisión	– Accións de promoción e captación, destacando as numerosas visitas a centros de educación secundaria (72) e formación profesional (13). – Accións de orientación profesional: sesión de orientación na que antigos alumnos da EEF explican a súa transición e desenvolvemento profesional.
Recursos humanos	– Recompilación das necesidades de formación do profesorado de forma activa.
Resultados	– Mellora sostenida nos indicadores de resultados
Sistema de Garantía de Calidade	– Sensibilización co SGIC do centro: inclusión do SGIC do centro como exemplo práctico no programa formativo
Boas prácticas	– Consolidación de boas prácticas como a revisión anual dos convenios de colaboración, dos plans de estudos de universidades europeas,...

Non Conformidades

Criterio asociado	Xustificación
Competencias/ Obxectivos	– A reflexión sobre a consecución e avaliación de competencias non é suficiente
Planificación das ensinanzas	– Na reflexión deste criterio, non se analiza o desenvolvemento

(participación, actividades finalmente desenvolvidas) e resultados do PAT. Tampouco se fai no criterio 4.

- Na reflexión deste criterio non se analiza o desenvolvemento do TFG.
- A reflexión sobre as accións de coordinación levadas a cabo durante o curso non é completa (número de reunións, melloras introducidas, ...).

Recomendacións para a mellora

Criterio asociado	Xustificación
Descrición da titulación	<ul style="list-style-type: none"> - O número de prazas ofertadas (45) non coincide co número de prazas indicado na Memoria de Verificación do título (50). Na reflexión deste criterio non se analiza nin xustifica esta diferenza, que tampouco se traslada ao apartado de modificacións. Recoméndase analizar a adecuación do número de prazas ofertadas e, se é preciso, considerar o súa actualización na Memoria, en futuras solicitudes de Modificación do Título. - O número mínimo de créditos de matrícula, tamén foi modificado ao entrar en vigor a nova normativa de permanencia da Universidade de Vigo. Recoméndase actualizar a Memoria, para reflexar este cambio, en futuras solicitudes de Modificación do Título. - Considérase oportuno sinalar que a denominación formal das titulaciones LRU no ámbito da enxeñaría é "Enxeñeiro técnico" e "Enxeñeiro", non existindo formalmente o título de "Enxeñeiro Superior"
Xustificación	<ul style="list-style-type: none"> - Sería interesante aportar datos sobre a situación socio-laboral do colectivo de enxeñeiros técnicos forestais. - Conviría completar o análise de demanda de matrícula: recoller a evolución da demanda, o ratio oferta/demanda e o % de matriculados que elixiron o título en primeira opción.
Competencias/ Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Continuar a acción de evidenciar os mecanismos de consecución e avaliación da adquisición de competencias (incluíndo as competencias transversais). - Incluír no proceso de análise da adecuación das competencias, a necesidade de incorporar á titulación as competencias básicas mínimas definidas no R.D. 1393/2007, Anexo I, apartado 3.2. - Profundar na análise sobre a adquisición de competencias a través do TFG. - Aportar información sobre o grado de satisfacción dos distintos grupos de interese en relación á adquisición de competencias.
Acceso e admisión	<ul style="list-style-type: none"> - Incluír na reflexión información sobre o desenvolvemento do PAT e a análise de resultados. Esta reflexión, podería trasladarse ao criterio 5.
Planificación das ensinanzas	<ul style="list-style-type: none"> - Parece que non hai coherencia entre o indicado no criterio 3 "estase realizando unha análise da adecuación das competencias", co indicado no criterio 5 "os módulos e materias foron revisados, concluindo a súa adecuación aos obxectivos propostos e competencias da titulación. Revisar este aspecto. - Se a figura de coordinadores de curso vaise manter no tempo, estudar a súa inclusión nunha futura solicitude de Modificación da titulación.

	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar o grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas. Completar a información co índice de participación na enquisas. - Analizar o grao de satisfacción do alumnado co desenvolvemento das prácticas curriculares, e se é posible, das empresas que ofertan as prácticas. Completar a información co índice de participación nas enquisas. - Concretar as accións consideradas como boas prácticas levadas a cabo para “incrementar o número de contratos para accións de mobilidade”. - Analizar as respostas abertas das enquisas de satisfacción do alumnado, co fin de determinar, se é posible, o motivo polo que a valoración sobre a resolución con eficacia do desenvolvemento das ensinanzas e baixo (3,57 sobre 7). - Aportar mais información sobre o funcionamento do curso de adaptación (recoñecemento de créditos, alumnos - matriculados/solicitantes, indicadores de rendemento, taxas de abandono, satisfacción de los estudantes,...). - Aportar mais información sobre o funcionamento do TFG (adecuación da normativa, análise de resultados por especialización). - Aportar información sobre o desenvolvemento e resultados do PAT.
<p>Recursos humanos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Estudarse a incorporación de novo profesorado debe trasladarse a Memoria do título. En caso afirmativo, incorporar este cambio a unha futura solicitude de Modificación da titulación. - Aportar información sobre o grao de satisfacción do alumnado co persoal de administración e servizos do centro. - Conviría incluír a valoración do PAS nas enquisas de satisfacción.
<p>Recursos materiais</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Conviría incluír unha reflexión acerca da adecuación e suficiencia (ou non) dos recursos materiais disponibles.
<p>Resultados</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar os resultados obtidos polos estudantes segundo a intensificación cursada. - Incorporar información sobre os índices de participación nas enquisas de avaliación da satisfacción. - Aportar información sobre a satisfacción do alumnado coas accións de orientación. - Incorporar á reflexión a análise das taxas académicas por materia.
<p>Sistema de Garantía de Calidade</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Concretar as accións consideradas como boas prácticas para sensibilizar as persoas implicadas no desenvolvemento das actividades do centro

	<p>sobre xestión de calidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Continuar co proceso de revisión e mellora do SGIC do centro. - Avanzar na reflexión sobre a implantación do SGIC, mais alá da existencia dos procedementos. - Incorporar a Memoria do título a nova configuración do SGIC, a actual está obsoleta. - Conviría indicar algún beneficio ou incidencia relevante como resultado da aplicación do SGIC.
Calendario de implantación	-
Plans de mellora	<p>Contémplanse as propostas de mellora indicadas polo título no seu autoinforme de seguimento anual co fin de comprobar en anos sucesivos o seu nivel de cumprimento e o alcance na mellora do título:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Intensificar intercambio informativo con outras universidades europeas - Completar o proceso de análise da adecuación das competencias recollidas nas guías docentes das materias e correspondencia (e vixencia) coas establecidas na memoria de verificación. - Realización dunha acción de promoción do título enfocada a orientadores e alumnos de centros de ensinanza secundaria e FP. - Revisión das guías docentes das materias para comprobación das competencias. - Mellorar os contactos con outras universidades europeas e do resto do mundo para conseguir un maior número de ofertas de intercambio. - Acción de comunicación con todos os colectivos implicados, incluído o alumnado, no que se informa da situación das taxas de rendemento, da súa evolución e da conveniencia de manter un desenvolvemento progresivo. - Informe de egresados
Boas prácticas	<p>Revisar as accións consideradas como boas prácticas. Considerando que efectivamente todas elas son accións positivas, e deben ser levadas a cabo, non sempre se corresponden con accións do curso que se está a avaliar (uso da plataforma Tema, ...), e outras refírense a accións xa comprometidas no proxecto ou necesarias para o seu correcto desenvolvemento (sesión informativa de orientación ao comezo do curso, ...).</p>

VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL e TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
<p>Reflexión sobre o grao de satisfacción dos distintos grupos de interese</p> <p>Na páxina 23 do autoinformen recóllese :</p> <p><i>“En las encuestas de satisfacción del alumnado aplicadas al grado se recoge información sobre el grado de satisfacción de los estudiantes con la planificación y desarrollo de la enseñanza, como se puede ver en los datos siguientes los alumnos se encuentran relativamente satisfechos en lo que se refiere a este item:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • Los créditos asignados a las materias guardan proporción con el volumen de trabajo necesario para superarlas. Valor de 3.60 sobre 7 • La proporción entre clases teóricas y prácticas es adecuada. Valor de 4.00 sobre 7 • La planificación de las prácticas es adecuada. Valor de 4.08 sobre 7 • La coordinación entre el profesorado es adecuada. Valor de 4.73 sobre 7 • Los conocimientos, habilidades y actitudes propuestos en las guías docentes se desarrollan adecuadamente. Valor de 4.40 sobre 7 • La metodología de evaluación se ajusta a los contenidos desarrollados en las guías docentes. Valor de 3,93 sobre 7 • Los problemas encontrados durante el desarrollo de la enseñanza se resolvieron con eficacia. Valor de 3,57 sobre 7 • Los créditos asignados guardan proporción con el volumen de trabajo necesario para superarlas. Valor de 4,55 sobre 7 • La proporción entre la teoría y la práctica es apropiada. Valor de 4,24 sobre 7 • Los conocimientos, habilidades y actitudes propuestos en las guías docentes se desarrollaron adecuadamente. Valor de 4,77 sobre 7 	<p>Admitida:</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: Acéptase a alegación porque se demostra que se incluíu a información. Con todo, recomendase que se interpreten os datos.</p>
<p>Profundización na análise sobre a adquisición de competencias a través do TFG.</p> <p>Na páxina 14 do autoinforme recóllese:</p> <p><i>“Los resultados asociados al Trabajo Fin de Máster y que tienen una estrecha relación con la adquisición de competencias arrojan los siguientes datos: El 100% de los trabajos presentados resultan con una calificación de apto, cuya calificación media es de 9,71. Presentándose un total de 20 trabajos tal como se recoge en las evidencias adjuntas.”</i></p>	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>A reflexión citada segue sendo incompleta. Deberíase analizar o número de traballos presentados sobre matriculados. Tamén se debería aclarar se estes traballos, que obteñen unha nota tan alta, están filtrados polos informes dos titores, é dicir, se só se defenden os traballos excelentes. No autoinforme fálase de TFM.</p>
<p>Promoción e captación:</p> <p>No autoinforme recóllese un ampla información sobre o impcato do plan de promoción (paxina 18). No marco do</p>	<p>Admitida:</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p>

<p>procedemento de promoción e captación do Sistema de Garantía de Calidade, formando parte dun rexistro de calidade existe un completo plan de promoción que remata cun informe de resultados asociado a o mesmo.</p>	<p>Xustificación: A información que aparece no informe inicial é suficiente.</p>
<p>Análise dos índices SIIU.</p> <p>O acceso ao indicadores SIIU non era posible no momento da elaboración do informe de seguimento</p>	<p>Admitida: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: Os datos non estaban disponibles.</p>
	<p>Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>

3. Accións levadas a cabo ante as recomendacións

Resultado:

 Conforme **Non Conforme**

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

En xeral, foron atendidas e resoltas as recomendacións sinaladas no último informe final emitido por ACSUG. Non obstante, recoméndase continuar co desenvolvemento das seguintes:

Información pública

- Avanzar no cumprimento dos criterios de accesibilidade aos que están suxeitos as páxinas web das administracións públicas.
- Ampliar na web a información sobre o TFG (temáticas, titores, tribunais, datas, correspondentes o curso actual).
- Se ben parte desta información faise pública a través do apartado de “noticias e anuncios”, sería mais accesible se estivese dispoñible no apartado dedicado ao TFG.
- Completar a información pública en relación cos coordinadores da titulación, en particular cos coordinadores de curso.
- Adaptar a memoria, aproveitando a solicitude de modificacións, a aplicación de oficialización de títulos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Competencias

- Evidenciar os mecanismo de consecución e avaliación de adquisición de competencias.
- Incluír nas guías docentes a información relativa a que probas de avaliación valoran a adquisición de que competencias.
- Esta información podería incluírse no apartado “Descrición” de cada proba. Igualmente, podería incluírse información sobre que competencias se traballan coas distintas metodoloxías docentes empregadas, no apartado descrición de cada metodoloxía.

Acceso e admisión de estudantes

- Comparar o perfil real de ingreso co previsto e analizar a información dispoñible para detectar desviacións e observar se teñen influencia nos resultados académicos.

Recursos humanos

- Aportar información sobre a participación do profesorado en programas de mobilidade.
- Aportar información sobre o nivel de participación e resultados obtidos nos procesos de avaliación do persoal académico.

Recursos materiais

- Analizar os recursos materiais e servizos actualmente dispoñibles para a titulación e comparar co incluído na memoria vixente do título.

Resultados

- Comparar os resultados académicos cos de titulacións similares noutras universidades a través do SIIU”, sempre e cando esta información sexa accesible.
- Explicar cales son as accións levadas acabo polo título cando se obteñen resultados negativos nas enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese

ACCIÓNS ANTE RECOMENDACIÓNS: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL e TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>